



CUESTIÓNS TEÓRICAS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra sus datos antes de comenzar a
responder:*

Nome e apelidos
Nombre y apellidos

DNI:

Sinatura:
Firma:

Probas de constatación da competencia profesional para xestor de transporte


MERCADORÍAS MAÑÁ

MODELO A

24/10/2015

-GALEGO-

PUNTUACIÓN: no test, cada acerto vale 0,04 puntos; cada fallo resta 0,02. Na parte práctica, cada un dos seis supostos vale 1 punto. Para aprobar o exame é necesario conseguir como mínimo un 2 no test, un 3 na parte práctica e que a suma das dúas partes sexa como mínimo dun 6.



**Dé la vuelta al folleto
para disponer del examen en
CASTELLANO**



01. Cales son os elementos reais do contrato de compravenda?

- a) A cousa e o prezo.
- b) A cousa só cando foi realmente entregada.
- c) O contrato e o acordo de transmisión da cousa.
- d) O interese e o consentimento verbal.

02. Que é un arrendamento?

- a) Un pacto en virtude do cal o dono dunha cousa cede a outro o uso dela por tempo determinado e mediante prezo certo.
- b) É un uso característico da Comunidade Foral Navarra e da Comunidade Autónoma de Cataluña.
- c) Unha venda con dereito preferente de volver comprar a cousa vendida no caso de que o comprador desexe vendela de novo.
- d) Unha cesión dun obxecto con obriga de venda ao arrendador se este o desexa.

03. Cal é a obriga fundamental que corre a cargo do comitente?

- a) Pagar a comisión.
- b) Cumprir o mandato.
- c) Entregar a cousa ao comisionista.
- d) Render contas ao comisionista.

04. O termo "carrexador" é equivalente a:

- a) Cargador.
- b) Remitente.
- c) Transportista.
- d) Conductor.

05. É a carta de porte o documento en que se materializa o contrato de transporte?

- a) Si.
- b) Si, pero só nos transportes en que interveñen operadores de transportes.
- c) Si, pero só nos transportes internacionais.
- d) Non.

06. A que está obrigado o carrexador, polo que se refire á entrega das mercadorías, nun contrato de transporte nacional por estrada?

- a) A entregar as mercadorías no mesmo estado en que as recibiu unicamente.
- b) A entregar as mercadorías o día sinalado, estean como estean.
- c) A depositar as mercadorías.
- d) A entregar as mercadorías no mesmo estado en que as recibiu, no lugar e prazo convidados.

07. Rexeitar os vultos mal acondicionados para o transporte, constitúe:

- a) unha obriga do carrexador.
- b) un dereito do carrexador.
- c) un dereito ou unha obriga, dependendo do que pactase previamente.
- d) un dereito do consignatario.

08. É obrigatorio subscribir a carta ou declaración de porte para que naza o contrato de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Si.
- b) Si, pero só cando se trata de mercadoría valiosa.
- c) Si, pero só nos transportes internacionais.
- d) Non.

09. No caso de colaboración entre transportistas de mercadorías por estrada, entre outras medidas, como controlará a inspección de transportes a colaboración?

- a) Mediante a análise comparativa.
- b) A través do Imposto de Actividades Económicas.
- c) A través das declaracións trimestrais de IVE.
- d) A través das manifestacións dos transportistas.

10. Nun contrato de transporte de alimentos, poden considerarse idénticos ou sinónimos as denominacións de cargador e remitente?

- a) Si.
- b) Si, pero só no transporte de mercadorías propias.
- c) Se, pero só nos transportes de cargas fraccionadas.
- d) Non.



11. Que se coñece coas siglas CMR?

- a) O Convenio relativo ao contrato de transporte internacional de mercadorías.
- b) O Convenio relativo ao contrato de transporte terrestre internacional de mercadorías.
- c) O contrato de transporte regular de mercadorías por estrada.
- d) O Convenio relativo ao contrato de transporte internacional de mercadorías por estrada.

12. No Convenio CMR establécese un tipo uniforme de contrato de transporte. Como se denomina o documento no cal se formaliza o devandito contrato?

- a) Albará de carga CMR.
- b) Carta de porte.
- c) Declaración administrativa de porte.
- d) Tríptico CMR.

13. No Convenio CMR, como se certifica a carta de porte electrónica?

- a) Mediante unha sinatura electrónica.
- b) Mediante unha sinatura autógrafa.
- c) O Convenio CMR non admite a carta de porte electrónica.
- d) Pódese certificar indistintamente mediante sinatura electrónica ou sinatura autógrafa.

14. Que debemos anotar no Libro Diario?

- a) Todas as operacións relativas á actividade da empresa.
- b) As facturas.
- c) Os préstamos.
- d) As vendas.

15. A que empresas é de aplicación obrigatoria o Plan Xeral de Contabilidade?

- a) A todas as empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, individual ou societaria.
- b) Só ás empresas que revistan a forma de sociedades limitadas ou anónimas.
- c) Só ás empresas que sexan sociedades mercantís.
- d) Só ás empresas que sexan sociedades mercantís ou civís.

16. O empresario individual non acollido a ningún tipo de limitación de responsabilidade, con que bens responde?

- a) Cos da actividade empresarial que teña, exclusivamente.
- b) Con todos os seus bens actuais.
- c) Cos presentes e futuros.
- d) Cos bens inscritos no Rexistro Mercantil, exclusivamente.

17. Pode afectar o empresario individual ou obrigar coa súa xestión mercantil os bens propios (privativos) do seu cónxuxe sen o consentimento deste?

- a) Si, sempre.
- b) Non, en ningún caso.
- c) Só ata 10.000 euros.
- d) Só se os adquiriu durante o matrimonio.

18. As persoas ás cales se encomenda a administración dunha sociedade colectiva, onde deberán aparecer designadas?

- a) No libro de actas da sociedade.
- b) Na escritura social.
- c) No contrato de constitución.
- d) No Código de Comercio.

19. Que número mínimo de socios se esixe para constituír unha sociedade colectiva?

- a) Cinco socios.
- b) Tres socios.
- c) Dous socios.
- d) Non se esixe mínimo.

20. Nunha sociedade comanditaria por accións, como está representado o capital achegado polos socios comanditarios?

- a) Mediante accións.
- b) Mediante participacións.
- c) Mediante obrigas.
- d) Mediante letras de cambio.



21. Nos estatutos que han de rexer o funcionamento dunha sociedade anónima, que debe figurar?

- a) A idade dos outorgantes
- b) O obxecto social.
- c) A profesión dos outorgantes.
- d) A duración da sociedade e data na que darán comezo as súas actuacións.

22. Que funcións cumpre o consello de administración dunha sociedade de capital?

- a) De representación en xuízo.
- b) De decisión.
- c) De xestión e representación.
- d) De fiscalización.

23. Cando poden transmitirse as participacións da sociedade de responsabilidade limitada?

- a) En calquera momento.
- b) Antes da inscrición da sociedade.
- c) Unha vez disolta a sociedade.
- d) Unha vez inscrita a sociedade.

24. A sociedade cooperativa constitúese mediante:

- a) escritura pública e inscrición no Rexistro Mercantil.
- b) escritura pública e inscrición no Rexistro Xeral de Sociedades.
- c) escritura pública e inscrición no Rexistro de Sociedades Cooperativas.
- d) documento redactado por avogado en exercicio e inscrición nos Rexistros Mercantil e de Cooperativas.

25. Que consecuencia levará consigo o incumprimento dos traballadores das obrigas legais en materia de prevención de riscos?

- a) Terá a consideración de incumprimento laboral, e pode ser sancionado polo empresario.
- b) Liberará o empresario do cumprimento do seu deber nesta materia.
- c) Terá a consideración de incumprimento laboral, sen que poida ser sancionado polo empresario, pero o Inspector de Traballo si podería sancionalo.
- d) Non se considerará como incumprimento laboral.

26. En materia de prevención de riscos laborais, cal das seguintes opcións é a correcta?

- a) Os traballadores non poden informar o superior xerárquico directo de calquera situación que, ao seu xuízo, entrañe un risco para a seguridade e a saúde, deben informar soamente os delegados de prevención.
- b) Os traballadores teñen dereito a recibir equipos de protección por parte do empresario, e están obrigados así mesmo ao seu mantemento.
- c) Os traballadores están obrigados a non poñer fóra de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes.
- d) Os traballadores non están obrigados a utilizar os dispositivos de seguridade existentes, cada traballador é libre de decidir a súa utilización posto que é o propio traballador quen asume o risco en caso de accidente.

27. Quen forma o Comité de Seguridade e Saúde na empresa?

- a) Os delegados de prevención e os delegados sindicais.
- b) Os delegados de prevención, dunha parte, e polo empresario e/ou os seus representantes en número igual ao dos delegados de prevención, da outra.
- c) Os delegados de prevención e os representantes das seccións sindicais.
- d) Os traballadores elixidos por e entre os membros do comité de empresa.

28. Quen debe(n) realizar a avaliación inicial dos riscos para a seguridade e saúde dos traballadores dunha empresa?

- a) É unha obriga do Comité de Seguridade e Saúde da empresa, de cuxo cumprimento será responsable.
- b) É unha obriga do empresario, de cuxo cumprimento será responsable.
- c) É unha competencia da Inspección de Traballo, e o empresario está obrigado a cooperar, pero non a iniciar a avaliación.
- d) É unha obriga conxunta do Comité de Seguridade e Saúde da empresa e do empresario, de cuxo cumprimento serán ambos os dous responsables.

29. En que tipo de empresas está obrigado o empresario a constituír un servizo de prevención propio para realizar a actividade preventiva?

- a) Nas empresas de máis de 500 traballadores, nas empresas que empreguen entre 250 e 500 traballadores e desenvolvan algunha das actividades que o Regulamento dos Servizos de Prevención considere perigosas, así como nas empresas nas que a autoridade laboral o decida.
- b) Nas empresas de máis de 500 traballadores, así como nas empresas nas que a autoridade laboral o decida.
- c) Nas empresas que empreguen entre 250 e 500 traballadores e desenvolvan algunha das actividades que o regulamento dos Servizos de Prevención considere perigosas, así como nas empresas nas que a autoridade laboral o decida.
- d) Exclusivamente nas empresas nas que a autoridade laboral o decida.



30. Que tipo de traballadores por conta allea están obrigatoriamente incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social?

- a) Os traballadores que sexan fixos, exclusivamente.
- b) Os traballadores que sexan fixos, eventuais, de tempada, de traballo descontinuo ou de traballo a domicilio.
- c) Os traballadores que sexan fixos e eventuais unicamente.
- d) Os que traballen ininterrompidamente máis de 1 ano.

31. Nos convenios colectivos de empresa, quen representa a Administración durante a negociación?

- a) O Inspector de Traballo.
- b) Non ten que estar presente nin representada.
- c) O Director Provincial de Traballo.
- d) A autoridade autonómica competente, se a materia está transferida.

32. Segundo o Regulamento (CE) 561/2006 que deberá estar o condutor en condicións de presentar, sempre que se solicite nunha inspección en estrada?

- a) A tarxeta de condutor se posúe unha ou calquera rexistro manual e impresión realizada durante a semana en curso e os 15 días anteriores.
- b) A tarxeta de condutor se posúe unha ou calquera rexistro manual e impresión realizada durante o día en curso e os 28 días anteriores.
- c) A tarxeta de condutor se posúe unha ou calquera rexistro manual e impresión realizada durante o día en curso e os 31 días anteriores.
- d) A tarxeta de condutor se posúe unha ou calquera rexistro manual e impresión realizada durante o día en curso e os 30 días anteriores.

33. Cando sexan dúas as persoas que se alternen na condución dun vehículo obrigado a levar instalado un tacógrafo dixital:

- a) cada unha delas deberá utilizar a súa propia tarxeta.
- b) os dous condutores utilizarán a mesma tarxeta.
- c) o vehículo necesariamente deberá dispoñer de dous aparatos tacógrafos.
- d) un condutor utilizará unha tarxeta e o outro unha folla suplementaria.

34. Cal é a porcentaxe aplicable para a determinación da cota trimestral do Imposto sobre o Valor Engadido para a actividade de transporte de mercadorías por estrada no réxime especial simplificado?

- a) O 9%.
- b) O 8%.
- c) O 6%.
- d) O 5%.

35. Como se calcula a cota do Imposto sobre o Valor Engadido que se repercute ao cliente?

- a) Aplicando o tipo impositivo á base imponible.
- b) Sumando o feito imponible á base imponible.
- c) Aplicando a cota ao IVE soportado.
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

36. Que días se ten de prazo no réxime xeral do IVE para presentar as declaracións trimestrais?

- a) Os 20 primeiros días do mes seguinte ao trimestre.
- b) Calquera día do mes seguinte ao trimestre.
- c) Calquera día do trimestre ao que corresponda a declaración.
- d) Os 20 primeiros días do mes seguinte ao trimestre, agás a do último trimestre, para a que se amplía o prazo ata o 30 de xaneiro.

37. Das opcións seguintes, cales terán a consideración de bens afectos á actividade de transporte no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas?

- a) Os mobles da vivenda do transportista.
- b) Os camións e outros vehículos que emprega o transportista na súa actividade.
- c) A vivenda habitual do transportista.
- d) O coche particular do transportista.

38. Que imposto grava o empresario de transportes constituído en sociedade anónima?

- a) Imposto sobre Sociedades.
- b) Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, na modalidade de estimación directa.
- c) Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, na modalidade de estimación obxectiva por signos.
- d) Exclusivamente o Imposto sobre o Valor Engadido e o Imposto de Actividades Económicas.



39. Que se consideran correccións de valor da base imponible no Imposto sobre Sociedades?

- a) As amortizacións e as perdas por deterioración do valor dos elementos patrimoniais.
- b) As retencións e pagamentos a conta.
- c) As deducións.
- d) As bonificacións na cota.

40. Quen está exento do Imposto sobre Actividades Económicas?

- a) Os transportistas.
- b) Os avogados.
- c) As persoas xurídicas.
- d) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

41. Quen está exento do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica?

- a) As ambulancias e vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria.
- b) Os turismos e motocicletas.
- c) Os camións de transporte de mercadorías.
- d) Os autobuses de transporte de viaxeiros por estrada.

42. Quen é o suxeito pasivo dos tributos?

- a) A persoa natural ou xurídica que resulta obrigada ao cumprimento das obrigas tributarias.
- b) A persoa natural que resulta obrigada ao cumprimento das obrigas tributarias ou, no caso de sociedades, o administrador.
- c) A persoa natural ou xurídica que espera, de modo pasivo, a liquidación do tributo por parte da Administración.
- d) A persoa natural que espera, de modo pasivo, a liquidación do tributo por parte da Administración e, no caso de sociedades, o administrador.

43. Que constitúe a débeda nos tributos?

- a) O importe a ingresar en Facenda.
- b) O resultado de aplicar o tipo impositivo á base imponible.
- c) O feito imponible.
- d) Todas as anteriores son falsas.

44. Cal dos seguintes non é un tributo?

- a) Taxa.
- b) Contribución especial.
- c) Multa.
- d) Imposto.

45. En que consiste a aceptación da letra de cambio?

- a) É a declaración do librador obrigándose a emitir a letra.
- b) É a declaración do librado asumindo a obriga do pagamento.
- c) É a declaración do librado obrigándose a endosala a outra persoa.
- d) É a declaración do tomador pola que se obriga a presentala ao cobramento.

46. Cal é o principal obxectivo da Contabilidade?

- a) Calcular o Imposto sobre Sociedades que ha de pagar a empresa.
- b) Coñecer as cotas anuais de amortización dos vehículos.
- c) Subministrar información sobre o estado da empresa.
- d) Coñecer o valor de venda da empresa.

47. A que se contrapón o ingreso en Contabilidade?

- a) A consumo.
- b) A gasto.
- c) A pagamento.
- d) A saída.

48. Cal das seguintes afirmacións, referidas á conta de perdas e ganancias, é correcta?

- a) Forma parte das contas anuais.
- b) Nunca integrará as contas anuais.
- c) Non se establece ningún criterio legal para achala.
- d) Trátase de información interna para o empresario, pero nunca é información financeira para o exterior.



49. Que cifras deben figurar na conta de perdas e ganancias?

- a) As cifras de cada partida, unha vez deducidos os impostos.
- b) As cifras de cada partida.
- c) As cifras do exercicio que se pecha e as correspondentes ao exercicio anterior, sempre que unhas e outras sexan comparables.
- d) As cifras correspondentes a cada partida, pero sempre redondeadas á alza.

50. Cal é a finalidade do presuposto?

- a) Conseguir uns custos máis baixos.
- b) Asignar formalmente os recursos precisos para financiar actividades ou funcións determinadas en períodos futuros.
- c) Formular unha estratexia.
- d) Todas son correctas.

51. Aquelas actividades que pretenden estimular a compra dun produto durante un tempo limitado, utilizando algún incentivo, como se denominan?

- a) Relacións públicas.
- b) Marketing directo.
- c) Mailing.
- d) Promoción de vendas.

52. Que se deberá facer se, durante o curso dun contrato de seguro, diminúe o risco e o asegurado o pon en coñecemento do asegurador?

- a) Reducir o importe da prima futura unha vez finalizado o período cuberto pola primeira.
- b) Rescindir o contrato inicial e asinar un novo.
- c) Devolver o importe da última prima na parte correspondente á devandita redución.
- d) Devolver o importe íntegro da última prima.

53. Cal é o obxecto do contrato de seguro?

- a) Reparar por medio da indemnización o dano sufrido polo asegurado.
- b) Reparar por medio da indemnización o dano sufrido polo tomador do seguro.
- c) Reparar por medio da indemnización o dano sufrido polo asegurador.
- d) Reparar por medio da indemnización o dano sufrido polo transportista.

54. Que medidas debe adoptar o tomador do seguro, ou o asegurado, despois de acontecido un accidente?

- a) Debe comunicar o sinistro.
- b) Debe reclamar o outro implicado no accidente.
- c) Non debe adoptar ningunha medida ata que apareza o perito da compañía.
- d) Debe anotar as circunstancias deste.

55. O contrato de seguro é aquel polo cal o asegurador, mediante a percepción dunha prima, se obriga fronte ao asegurado ao pagamento dunha suma, dentro dos límites pactados, se se produce o evento previsto.

- a) Certo.
- b) Certo soamente nos seguros de vida e non nos seguros de danos.
- c) Certo soamente nos seguros de danos e non nos seguros de vida.
- d) Falso.

56. Quen é o asegurador?

- a) Quen asume o risco do contrato.
- b) Quen paga a prima.
- c) Quen recibe a indemnización.
- d) Calquera dos tres anteriores.

57. Que é a póliza do seguro?

- a) O selo co que necesariamente deben reintegrarse os contratos de seguro.
- b) O timbre oficial que grava os documentos en que se reflicten os contratos de seguro.
- c) O documento no que se recolle o contrato de seguro.
- d) O documento que acredita o pagamento da suma asegurada.

58. O seguro de transportes terrestres cobre os danos que se produzan durante o transporte, aínda que os seus efectos se manifesten con posterioridade, se é no prazo de:

- a) os seis meses seguintes á data de expiración do contrato.
- b) os catro meses seguintes á data de expiración do contrato.
- c) os dous meses seguintes á data de expiración do contrato.
- d) o mes seguinte á data de expiración do contrato.



59. Que órgano outorgará as autorizacións de operador de transporte de mercadorías?

- a) A Administración central, en todos os casos.
- b) A Administración autonómica, en todos os casos.
- c) As federacións de axencias, transitarios ou almacenistas.
- d) O órgano estatal ou autonómico, que directamente ou por delegación, ostente a competencia por razón do lugar en que haxan de domiciliarse.

60. Para que habilita a autorización de empresa de arrendamento de vehículos sen condutor?

- a) Para a prestación do servizo de arrendamento de vehículos sen condutor, con limitación de radio á provincia, facéndose constar na tarxeta de situación do local.
- b) Para a prestación do servizo de arrendamento de vehículos sen condutor, sen limitación de radio, facéndose constar na tarxeta a situación do local, central ou sucursal.
- c) Non é necesaria autorización de arrendamento de vehículos sen condutor.
- d) Para a prestación do servizo de arrendamento sen condutor de vehículos de transporte de menos de 3.500 MMA (masa máxima autorizada), con limitación de radio.

61. É esixible na actualidade o requisito de competencia profesional para ser titular de centro de transporte de mercadorías?

- a) Si.
- b) Si, pero só para os situados en poboacións de máis de 500.000 habitantes.
- c) Depende do tipo de centro de que se trate.
- d) Non.

62. Cal é a norma que establece as esixencias en materia do acceso á profesión de transportista por estrada?

- a) A Lei 15/2009.
- b) A Lei de Estradas.
- c) A Lei de Seguridade Viaria.
- d) A Lei 16/1987, de Ordenación dos Transportes Terrestres, modificada pola Lei 9/2013, do 4 de xullo.

63. Unha persoa desexa dedicarse ao transporte público de mercadorías en todo o territorio nacional con varios vehículos de 2 toneladas de MMA. Que autorización de transporte debe obter?

- a) Unha de ámbito nacional para vehículo semilixeiro.
- b) Ningunha, son transportes exentos de autorización.
- c) Unha MDL de ámbito nacional.
- d) Unha MPC, que sempre é nacional.

64. Cal dos seguintes requisitos non é obrigatorio cumprir polos titulares de autorización de transporte privado complementario de mercadorías?

- a) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais.
- b) Estar ao corrente das súas obrigas laborais.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas sociais.
- d) Ter un número de vehículos igual ou superior ao de traballadores en equipo da empresa.

65. A transmisión de autorizacións de transporte público de mercadorías realizarase en favor dos titulares:

- a) que reúnan o requisito de competencia profesional.
- b) que dispoñan da capacidade financeira pertinente.
- c) que cumpran o requisito de honorabilidade.
- d) Todos os requisitos anteriores son necesarios.

66. Todo vehículo de transporte de mercadorías con capacidade para 20 toneladas debe levar a seguinte documentación:

- a) Copia certificada da autorización de transporte.
- b) Permiso de circulación.
- c) Copia certificada da autorización de transporte, permiso de circulación e tarxeta ITV en vigor.
- d) Certificado de homologación.

67. A validez das autorizacións de transporte de mercadorías quedará condicionada á comprobación periódica da subsistencia das condicións que orixinariamente xustificaron o seu outorgamento e daquelas que resulten de obrigado cumprimento:

- a) só no caso de autorizacións de transporte público.
- b) só no caso de autorizacións de transporte privado complementario.
- c) tanto no caso de autorizacións de transporte público como privado complementario.
- d) A validez non queda condicionada por nada.



68. Os novos solicitantes de autorización de transporte público de mercadorías sen limitación de capacidade (MDP) deberán:

- a) cumprir as obrigas de carácter fiscal establecidas.
- b) cumprir as obrigas laborais e sociais establecidas.
- c) dispoñer do número mínimo de vehículos que en cada caso corresponda.
- d) Todas as respostas son certas.

69. Quen pretenda obter unha nova autorización de transporte público de mercadorías deberá acreditar, entre outros requisitos:

- a) 3 vehículos, que representen polo menos unha capacidade de carga útil de 60 toneladas, se se solicita unha autorización habilitante para realizar transporte con calquera clase de vehículo, que non poderá reducir en polo menos 3 anos.
- b) 2 vehículos, que representen polo menos unha capacidade de carga útil de 40 toneladas, se se solicita unha autorización habilitante para realizar transporte con calquera clase de vehículo, que non poderá reducir en polo menos 3 anos.
- c) 3 vehículos, que representen polo menos unha capacidade de carga útil de 60 toneladas, se se solicita unha autorización habilitante para realizar transporte con calquera clase de vehículo, que non poderá reducir en polo menos 2 anos.
- d) 2 vehículos, que representen polo menos unha capacidade de carga útil de 40 toneladas, se se solicita unha autorización habilitante para realizar transporte con calquera clase de vehículo, que non poderá reducir en polo menos 2 anos.

70. As autorizacións específicas que permiten realizar transporte internacional de mercadorías clasifícanse, en función do convenio internacional ou a organización multiestatal que as fai xurdir, en:

- a) de longa ou curta distancia (de zona longa ou zona curta).
- b) de vehículos pesados e de lixeiros.
- c) de países europeos e de carácter intercontinental.
- d) bilaterais e multilaterais.

71. Cando deberán formularse as solicitudes de autorizacións multilaterais do continxente de CEMT?

- a) En calquera época do ano.
- b) Entre os días 1 e 20 de decembro de cada ano.
- c) Entre os días 10 e 20 de novembro de cada ano.
- d) Necesariamente durante o transcurso do mes de xaneiro de cada ano.

72. Como regra xeral, que distintivo levarán os vehículos que realicen transporte internacional en réxime TIR?

- a) Unha placa branca con fondo negro.
- b) Un triángulo vermello e branco.
- c) Non necesitan levar ningún distintivo.
- d) Unha placa coa inscrición TIR.

73. Que cualificación tería a infracción consistente en non levar inserida a correspondente folla de rexistro, ou tarxeta do condutor, no aparato de control dos tempos de condución e descanso cando iso resulte esixible?

- a) Moi grave.
- b) Grave.
- c) Leve.
- d) Apercibimento.

74. A definición de "vehículo non autopropulsado deseñado e concibido para ser adaptado a un automóbil, sobre o que repousará parte deste, transferíndolle unha parte substancial da súa masa" corresponde a un:

- a) remolque.
- b) colector.
- c) vehículo especial.
- d) semirremolque.

75. É un camión un vehículo de tres rodas concibido e construído para o transporte de mercadorías?

- a) Si, sempre que realice transportes por conta allea.
- b) Depende do ámbito de transporte.
- c) Non, nunca.
- d) Só se excede de 400 kg de MMA.



76. De quen é competencia a expedición do permiso de circulación?

- a) Do fabricante.
- b) Do Ministerio de Fomento (Dirección Xeral de Ferrocarrís e Transportes por Estrada).
- c) Do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.
- d) Do Ministerio do Interior a través das Xefaturas Provinciais de Tráfico.

77. Respecto das emisións e contaminantes, que non prohibe o Regulamento Xeral da Circulación?

- a) A circulación de vehículos con escape libre.
- b) A emisión de gases ou fumes en valores superiores aos límites establecidos.
- c) A utilización de tubos resoadores.
- d) A utilización de catalizadores.

78. En materia ambiental, que normativa se debe cumprir?

- a) A normativa europea, exclusivamente.
- b) As normativas española e europea.
- c) As normativas autonómicas exclusivamente.
- d) A normativa municipal exclusivamente.

79. Cal é o ancho interior dun colector maxicadre?

- a) 2,60 metros.
- b) 2,55 metros.
- c) 2,44 metros.
- d) 2,30 metros.

80. Segundo a regulamentación sobre transporte de mercadorías perecedoiras, a que tipo de vehículo corresponden as siglas IR?

- a) Isotermo reforzado.
- b) Isotermo normal.
- c) Refrixerante normal da clase A.
- d) Frigorífico normal da clase A.

81. Se fose preciso pedir auxilio, utilizarase o poste de socorro máis próximo, se a vía dispón deles?

- a) Non, o seu uso está reservado ás forzas de seguridade.
- b) Si, e en caso de non existir poderá solicitarse doutros usuarios ou a través de calquera outro medio.
- c) Si, pero o seu uso está reservado para cando existan vítimas mortais de accidentes de tráfico.
- d) Non.

82. O resultado da proba de alcoholemia considérase positivo, no caso de condutores de vehículos de mercadorías de máis de 3.500 quilogramos, cando se supera unha taxa de alcohol en aire expirado de:

- a) 0.05 miligramos por litro.
- b) 0.1 miligramos por litro.
- c) 0.15 miligramos por litro
- d) 0.10 miligramos por litro.

83. Quen edita en España o Mapa Oficial de Estradas?

- a) Distintos organismos públicos e entidades privadas colaboradoras.
- b) A Dirección Xeral de Tráfico.
- c) As Comunidades Autónomas.
- d) O Ministerio de Fomento.

84. O sinal de identificación dun itinerario europeo:

- a) ten o fondo de cor azul.
- b) entrou en vigor no ano 2009.
- c) só aparece en autoestradas de peaxe.
- d) ten o fondo de cor verde.

85. O sinal que indica a localización dun posto de socorro será con fondo de cor azul e co símbolo de:

- a) un teléfono SOS.
- b) un hospital.
- c) unha cruz vermella.
- d) Este sinal non existe no catálogo oficial de sinais.



86. Segundo o Real Decreto 1032/2007, relativo ao certificado de aptitude profesional (CAP), cal é o prazo máximo de vixencia da tarxeta de cualificación do condutor?

- a) 10 anos.
- b) 5 anos.
- c) 2 anos.
- d) Indefinida, condicionada ao seu visado periódico.

87. Está previsto no Real Decreto 1032/2007 que a superación dun curso de formación continua correspondente ao CAP (Certificado de Aptitude Profesional) supoña a recuperación de puntos no permiso de conducir?

- a) Si, está previsto que se recuperen todos os puntos perdidos.
- b) Si, está previsto que se recuperen os puntos perdidos ata un máximo de 6.
- c) Si, está previsto que se recuperen os puntos perdidos ata un máximo de 4.
- d) Non está previsto que a superación destes cursos sirva para recuperar os puntos perdidos.

88. Requírese ser titular dalgún permiso de conducir para seguir os cursos e concorrer aos exames destinados á obtención do CAP (Certificado de Aptitude Profesional), acreditativo da cualificación inicial na súa modalidade ordinaria?

- a) É necesario ser titular dun permiso de conducción de polo menos tipo B.
- b) É necesario ser titular dun permiso de conducción como mínimo das categorías C1 ou C1+E.
- c) É necesario ser titular dun permiso de conducción das categorías C1, C1+E, C ou C+E.
- d) Non é necesario ser titular de ningún permiso de conducción.

89. Segundo as condicións xerais de contratación que rexen no transporte nacional de mercadorías por estrada, cando non conste a hora na que o transportista recibiu o envío, o prazo para o seu transporte e entrega empezará a contarse a partir de:

- a) as cero horas do día de recepción do envío.
- b) as cero horas do día seguinte á recepción do envío.
- c) as 12 horas do día de recepción do envío.
- d) as 12 horas do día seguinte á recepción do envío.

90. Un dos criterios que determinan se unha sociedade anónima pode elaborar a conta de perdas e ganancias abreviada é que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a:

- a) 50
- b) 100
- c) 250
- d) 500

91. O incumprimento grave e reiterado das obrigas laborais, ten algunha transcendencia respecto do requisito de capacidade financeira?

- a) Si, cando consista en atraso de máis de 15 días no pagamento das nóminas dos traballadores.
- b) Só no caso de persoas xurídicas.
- c) Só no caso de grandes empresas.
- d) Non.

92. Os compoñentes dun vehículo:

- a) poden homologarse sempre independentemente do devandito vehículo.
- b) non poden homologarse nunca independentemente do vehículo ao que pertencen.
- c) poden homologarse de modo independente cando o dispoña expresamente a normativa.
- d) poden homologarse de modo independente sempre que non o prohiba expresamente a normativa.

93. Cal das características seguintes corresponde a un contedor?

- a) Suficientemente resistente para permitir o seu emprego repetido.
- b) Ideado para evitar a manipulación intermedia da carga.
- c) Construído para manipularse doadamente.
- d) Todas as respostas son correctas.

94. A unidade TEU equivale á capacidade dun contedor de:

- a) 10 pés.
- b) 20 pés.
- c) 30 pés.
- d) 40 pés.



95. Segundo a normativa relativa á protección dos animais vivos durante o seu transporte, en cal das situacións que se citan a continuación poden viaxar os animais xuntos?

- a) Especies por natureza hostís entre si.
- b) Os machos e femias sexualmente maduros.
- c) Verróns reprodutores adultos.
- d) As femias coas crías que aleiten.

96. Cal das seguintes rendas está exenta do IRPF?

- a) Os soldos e xornais.
- b) Os rendementos da actividade de transporte.
- c) Os premios da lotaría nacional.
- d) Ningunha das anteriores.

97. Cal das seguintes non é unha circunstancia que faga referencia ao cumprimento, por parte das empresas, do requisito de capacidade financeira para o exercicio da actividade de transporte?

- a) Ser capaz de facer fronte permanentemente ás obrigas económicas ao longo do exercicio contable anual.
- b) Dispoñer dun importe mínimo de capital e reservas.
- c) Dispoñer dos recursos humanos necesarios para realizar o transporte.
- d) Ningunha das anteriores.

98. Que indicacións debe recoller a placa de certificación de conformidade dun vehículo acondicionado para o transporte de mercadorías perecedoiras?

- a) As letras ATP.
- b) A marca de identificación correspondente á clase e categoría da unidade.
- c) A data na que expira a autorización da unidade.
- d) Todas as respostas son correctas.

99. Débense desprender as roupas pegadas á pel dunha zona queimada?

- a) Si, é a primeira medida a adoptar.
- b) Si, pero só no caso de que sexan tecidos sintéticos.
- c) Non, nunca.
- d) Si, pero unicamente nas queimaduras de terceiro grao.

100. Que prazo establece a lei para que un empresario legalice os seus libros?

- a) 3 meses dende o peche do exercicio.
- b) 4 meses dende o peche do exercicio.
- c) 6 meses dende o peche do exercicio.
- d) 1 ano dende o peche do exercicio.

Preguntas de reserva (só se corruxarán se se anula algunha das anteriores)

101. Os empresarios mercantís están obrigados a inscribirse no Rexistro Mercantil?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Só se teñen empregados.
- d) Só os que se constitúen en sociedade ou sexan navieiros.

102. Segundo o Regulamento (CE) 561/2006, o condutor dun vehículo obrigado a levar tacógrafo, cantos períodos de conducción se permiten como máximo antes de efectuar un descanso semanal?

- a) 4 períodos de conducción.
- b) 5 períodos de conducción.
- c) 6 períodos de conducción.
- d) 7 períodos de conducción.

103. Onde se presentarán as declaracións de alta e baixa no Imposto sobre Actividades Económicas?

- a) Na Delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- b) No concello.
- c) Na Consellaría de Facenda.
- d) Na deputación provincial.